

MEDIACIÓN EDUCATIVA

IES Nº 1 DE RIBEIRA

Que é?

É un servizo totalmente gratuito para toda a comunidade educativa do IES.

Pódenme obrigar a ir?

Non, é totalmente voluntario por parte dos solicitantes.

Quen se vai enterar?

Pois ninguén, posto que o servizo é totalmente confidencial.

Para quen é?

Para todos, está a disposición de toda a comunidade educativa, polo que calquera membro da mesma pode acceder a el.

Como se solicita?

Pode solicitarse por medio de calquera docente do centro (dirección, xefatura de estudos, profesorado, orientación, tutores e titoras,...).

Que se garante?

A obxectividade, posto que a mediación estará a cargo de mediadores alleos ao centro.

Que obxectivos ten?

A solución pacífica de conflitos.
Aprender a solucionar conflitos.
Previr situacíons de maior risco (coma o acoso ou conflitos moi enquistados).
Mellorar a convivencia no centro.

